

**RESOLUCIÓN do 19 de novembro de 2018, do Tribunal designado para xulgar o proceso selectivo unitario para o ingreso nos corpos de policía local, categoría de policía, quenda de acceso libre, convocados pola Orde do 4 de xullo de 2018, pola que se da publicidade a diversos acordos.**

Na sesión que tivo lugar o día 19 de novembro, o Tribunal nomeado pola Orde do 3 de outubro de 2018 (DOG núm 195, do 11 de outubro), designado para xulgar o proceso selectivo unitario para o ingreso nos corpos de policía local categoría de policía, quenda de acceso libre, convocados pola Orde do 4 de xullo de 2018, e de conformidade co disposto nas bases da convocatoria, adoptou os seguintes acordos:

**Primeiro.-** Que o Tribunal ten previsión de realizar o terceiro exercicio: probas de aptitude física a finais do mes de decembro. Poderase solicitar ao Tribunal a adaptación das datas de realización deste exercicio aquelas persoas participantes no proceso que nese periodo se atopen afectadas por:

- Circunstancias derivadas da aplicación da Lexislación de Conciliación da Vida Laboral el Familiar.
- Contraer matrimonio
- Embarazo
- Situacións derivadas do parto, parto ou posparto.

Estas circunstancias terán que ser postas en coñecemento do Tribunal calificador antes do día 9 de decembro e xunto coa solicitude terán que adxuntar necesariamente os pertinentes xustificantes da mesma. As solicitudes que non se atopen debidamente xustificadas serán rexeitadas.

A petición e os correspondentes xustificantes remitiránse ao Tribunal Cualificador por correo electrónica á seguinte dirección: [tribunal-policia-local.agasp@xunta.gal](mailto:tribunal-policia-local.agasp@xunta.gal)

A Estrada, 19 de novembro de 2018.

Luis Miguez Macho

Presidente do tribunal